

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **BAIONA**

##### **Subvencións e axudas**

###### *BASES REGULADORAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA SOCIAL*

### **BASES REGULADORAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O EXERCICIO 2017**

#### **Primeira. Obxecto e natureza**

O programa de AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA, pretende financiar no ano 2017, as demandas de urxente e puntual necesidade dos cidadáns do Concello, que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención a aquelas persoas con menores ao seu cargo que se atopen nesa situación.

Os servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Baiona, como concello de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, solicitou á Deputación de Pontevedra unha axuda 10.200€ para levar a cabo o programa de AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA (8.000€ para gastos correntes e 2.200€ para investimento), axustándose as presentes bases a dita convocatoria.

#### **Segunda. Destinatarios da convocatoria**

Persoas cunha precariedade económica grave, contrastada polo departamento de Servizos Sociais, e familias usuarias de servizos sociais, pola súa problemática social contrastada.

#### **Terceira. Contía das axudas**

Establécese unha contía máxima dispoñible para cada unidade de convivencia de 1.000€, importe que abrangue a suma de axudas parciais que puideran concederse.

A contía máxima da convocatoria, dependendo do tipo de axudas, é a que sigue:

- 12.100 € para gastos correntes, de conformidade co documento contable de retención de crédito nº 8050 na aplicación orzamentaria 231-48000, contía que poderá incrementarse coa cantidade que poida concederse pola Deputación Provincial de Pontevedra, a través do correspondente expediente de xeración de crédito.
- 2.300 € para gastos de equipamento ou investimento, de conformidade co documento contable de retención de crédito nº 8367 na aplicación orzamentaria 231-78900.



Xoves, 7 de setembro de 2017

Núm. 172

#### **Cuarta. Requisitos das persoas beneficiarias das axudas básicas de emerxencia**

Persoas maiores de idade empadroadas no Concello de Baiona, con anterioridade á data desta convocatoria, que teñan xestionado a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Baiona no último ano (período comprendido entre agosto do 2016 e agosto do 2017) e que carezan de ingresos suficientes para poder facerlle fronte aos gastos polos que se solicita a axuda.

Que a suma dos valores catastrais dos inmobles da súa propiedade, de tódolos convivintes, excluindo a vivenda habitual, non exceda de 50.000€.

Para poder solicitar estas axudas é preciso que os solicitantes non teñan débedas co Concello de Baiona.

Non terán dereito á axuda aquelas persoas que nos exercicios anteriores foran beneficiarias das axudas de emerxencia social e non xustificaran debidamente a axuda percibida, de conformidade coas Bases reguladoras da convocatoria, e segundo a documentación que consta no departamento de servizos sociais, e foran obxecto dun expediente de reintegro de subvencións, sen que houberan efectuado a devolución correspondente.

Que os recursos económicos mensuais da unidade de convivencia non supere as seguintes contías segundo o número de membros e que carezan de apoio socio-familiar suficiente para facer fronte á demanda prantexada:

<b>Nº de membros da unidade de convivencia</b>	<b>Máximo ingresos mensuais da unidade de convivencia</b>
1	Ata 726,14 €
2	Ata 861,64 €
3	Ata 977,81 €
4	Ata 1.074,63 €
5	Ata 1.171,45 €
6	Ata 1.268,23 €
7	Ata 1.365,05 €

Daráselle prioridade a cubrir as necesidades alimentarias das familias con menores, que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

Terase en conta que as familias sexan ou foran perceptoras de axudas sociais como a RISGA, foran derivadas á ONG local para recibir alimentos, derivadas ao PGIS, ou ben estean incluídas no programa de educación familiar.

Para os efectos desta convocatoria computaranse como membros da unidade familiar tódalas persoas que convivan no mesmo domicilio, sexa cal sexa a relación de parentesco.



Xoves, 7 de setembro de 2017

Núm. 172

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados, sempre que o conxunto das axudas percibidas en ningún caso supere o 100 % do custo da axuda subvencionada á persoa usuaria beneficiaria. No caso de superar este límite deberá comunicarse este feito, co obxecto de reducir o importe da subvención.

### Quinta. Criterios de valoración das axudas e ponderación dos mesmos

A puntuación máxima a conseguir polos solicitantes non excederá de 20 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

1. Circunstancias persoais, familiares e/ou sociais que se xustifiquen debidamente.

Puntuación:

Por cada menor de idade convivinte.	1
Por cada menor de idade convivinte, orfo ou orfa absoluto.	1
Por cada menor en situación de acollemento legal.	1
Por cada persoa recoñecida legalmente como discapacitada con un grao igual ou superior ao 33%.	1
Por cada persoa recoñecida legalmente como Dependente cun Grao I.	1
Por cada persoa recoñecida legalmente como discapacitada con un grao igual ou superior ao 65%.	2
Por cada persoa recoñecida legalmente como Dependente cun Grao II ou Grao III.	2
Por cada persoa en situación de desemprego, que teña relación de: nai-pai, titor-titora dun menor convivinte.	2
Por cada persoa en situación de pensionista de pensión mínima, por cada persoa principal.	2
Por cargas familiares non compartidas, persoa principal viúvo o viúva, solteiro ou solteira, separado ou separada, divorciado ou divorciada (sen convivencia con outra parella), e que non haxa pensión de alimentos efectivamente percibida. No caso de alegar impago da mesma, deberá presentarse xustificante da demanda xudicial correspondente.	1

2. Precariedade da vivenda, sempre que sexa debidamente xustificado o importe mensual, o custe tanto de aluguer de vivenda como de pago de hipoteca.

Por ter un pago mensual de aluguer ou de hipoteca inferior a	
200€ mes	1 punto
250€ mes	0,90 puntos
300€ mes	0,80 puntos
350€ mes	0,70 puntos
400€ mes	0,60 puntos
425€ mes	0,50 puntos
450€ mes	0,40 puntos
475€ mes	0,30 puntos
500€ mes	0,20 puntos
525€ mes	0,10 puntos

Código seguro de verificación: 40IZPJG50CTQP4B8



Xoves, 7 de setembro de 2017

Núm. 172

3. Cómputo de ingresos económicos. Tódolos requisitos económicos están baseados en datos referidos ao ano comprendido entre agosto do 2016 e agosto do 2017.

Se establece un baremo económico que ten en conta o número de convivintes e os ingresos da unidade de convivencia en relación ás contías establecidas no ano 2017, para a RISGA (403,38€ mais os complementos familiares), incrementado nun 20%.

Computaranse como membros da unidade familiar, tódalas persoas que convivan no mesmo domicilio, sexa cal sexa a relación de parentesco:

Nº de membros da unidade de convivencia	Total de ingresos mes		Puntuación
1	Dende 0 €	Ata 403,38 €	1,00
	403,39 €	484,07 €	0,80
	484,08 €	564,76 €	0,40
	564,77 €	645,45 €	0,20
	645,46 €	726,14 €	0,00
2	Dende 0€	Ata 478,67 €	1,00
	478,68 €	574,42 €	0,80
	574,43 €	670,16 €	0,40
	670,17 €	765,90 €	0,20
	765,91 €	861,64 €	0,00
3	Dende 0 €	Ata 543,21 €	1,00
	543,22 €	651,86 €	0,80
	651,87 €	760,51 €	0,40
	760,52 €	869,16 €	0,20
	869,17 €	977,81 €	0,00
4	Dende 0 €	Ata 596,99 €	1,00
	597,00 €	716,40 €	0,80
	716,41 €	835,81 €	0,40
	835,82 €	955,22 €	0,20
	955,23 €	1.074,63 €	0,00
5	Dende 0 €	Ata 650,77 €	1,00
	650,78 €	780,94 €	0,80
	780,95 €	911,11 €	0,40
	911,12 €	1.041,28 €	0,20
	1.041,29 €	1.171,45 €	0,00
6	Dende 0 €	Ata 704,55 €	1,00
	704,56 €	845,47 €	0,80
	845,48 €	986,39 €	0,40
	986,40 €	1.127,31 €	0,20
	1.127,32 €	1.268,23 €	0,00
7	Dende 0 €	Ata 758,33 €	1,00
	758,34 €	910,01 €	0,80
	910,02 €	1.061,69 €	0,40
	1.061,70 €	1.213,37 €	0,20
	1.213,38 €	1.365,05 €	0,00

Código seguro de verificación: 40IZPJG50CTQP4B8



4. Por criterio profesional, debidamente xustificado poderá concederse hasta 10 puntos; como poidan se-los seguintes:
- Por cubrir necesidades alimentarias das familias con menores, que se atopen en situación de exclusión social o en risco de estalo.
  - Situación de violencia de xénero ou de violencia doméstica.
  - Procura activa de emprego, debidamente xustificada.
  - Por evolución cualificada como positiva da familia dentro dos proxectos de intervención (RISGA, PEF).
  - Por considerar urxente o solicitado.
  - Calquera outro criterio técnico debidamente xustificado.

### Sexta. Tipoloxía de axudas

Para gastos correntes:

- a) Alimentación. Destinadas á compra de alimentos perecedoiros como complemento ás achegas entregadas pola ONG local “Ayuda al mundo necesitado”, como entidade de iniciativa social que realiza reparto de alimentos ao longo do ano ás persoas e familias derivadas dende o departamento de Servizos Sociais. Así mesma, para alimentos de bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por un facultativo (celíacos, diabéticos, etc...). No relativo aos gastos de alimentación só se admitirá o gasto en produtos de primeira necesidade; é dicir: cereais, lácteos, peixe, carne, legumes, verduras, froita. Non se admitirá o gasto en bebidas de ningún tipo, sexan ou non alcohólicas, chocolates, doces, así como produtos que non sexan considerados como básicos, agás excepcións debidamente xustificadas.

O detalle dos produtos que serán obxecto da axuda virá sinalado nas instrucións que ao respecto se sinalen polo departamento de servizos sociais.

- b) Uso da vivenda. Destinadas a posibilitar que se continúe habitando a vivenda habitual:
- Axudas para o pagamento de débedas de alugueiro que impidan o desafiuzamento.
  - Axudas para o pago de hipoteca, de maneira excepcional, cando a contía dunha das cotas sexa inferior a 450 € e a débeda non sexa superior a seis cotas.
- c) Pagamento de recibos. Destinadas a evitar a perda de subministracións básicas da vivenda e paliar situacións de empobrecemento enerxético: recibo de electricidade, gas, gasóleo ou auga. Non se admitirá o gasto do teléfono, xa sexa fixo ou móbil.
- d) Pagamento de produtos de hixiene e limpeza. Destinados á compra de produtos básicos de uso común para a limpeza da vivenda (lixivia, deterxente para lavalouza e outros) e de produtos de aseo persoal (xabón, desodorizante, produtos de hixiene feminina, etc.). Non se admitirá o gasto en colonias, perfumes.

O detalle dos produtos que serán obxecto da axuda virá sinalado nas instrucións que ao respecto se sinalen polo departamento de servizos sociais.



- e) Pagamento de produtos farmacéuticos. Destinadas ao pago de produtos farmacéuticos prescritos por un facultativo especialista e/ou polos médicos de atención primaria. A axuda solicitada referirase á achega que deba facer o usuario por non estar cuberta polo SERGAS.
- f) Pagamento de desprazamentos. Destinadas ó pagamento de desprazamentos a recursos asistenciais ou sanitarios fóra do propio concello cando sexan debidos a tratamentos, xestións ou actividades que non poidan ser levadas a cabo dentro deste. Así mesmo, realizaranse pagos de desprazamentos dentro do propio concello cando estes sexan motivados polas xestións ou actividades relacionadas co programa de educación familiar, servizo de axuda no fogar, ou asistencia a recursos sociais, educativos ou sanitarios do propio concello.
- g) Pagamento de lentes e audiófonos. Axudas destinadas ao pagamento parcial ou total de audiófonos para aquelas persoas que teñan diagnosticado un déficit auditivo e teñan prescrita esta axuda técnica.  
Así mesmo financiaráselle a compra de lentes a persoas cun déficit visual diagnosticado e que necesiten o seu uso.
- h) Pagamento de gastos derivados de tratamentos de odontoloxía. Axuda destinada ao pagamento de tratamentos odontolóxicos non financiados polo Servizo Público de Saúde para persoas usuarias que teñan un informe odontolóxico previo do centro de saúde que lle corresponda, sempre que estea xustificada a súa necesidade.
- i) Axudas de apoio á infancia. No caso de menores de idade poderáselle facer fronte a gastos non incluídos nos puntos anteriormente mencionados nesta base quinta que posibiliten a continuidade do menor no seu medio familiar. Estes gastos deberán incidir directamente na calidade de vida dos menores e ir acompañados do correspondente informe social que xustifique a súa necesidade.

**Para investimentos:**

- a) Adquisición de electrodomésticos básicos. Axudas destinadas á compra de electrodomésticos básicos (lavadora, quentador, cociña, frigorífico,...) que contribúan a favorecer a inclusión social das persoas máis desfavorecidas.
- b) Mellora da vivenda: Axudas para o acondicionamento e habitabilidade da vivenda.
- c) Pagamento de produtos de apoio. Axuda destinada ao pagamento de produtos de apoio para persoas con algunha discapacidade ou dependencia que non lle poidan facer fronte ao gasto por si mesmas. Enténdese por produto de apoio aquel dispoñible no mercado ou fabricado especialmente para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias, limitacións na actividade e restricións na participación: camas articuladas, guindastres, colchóns antiéscaras, cadeiras e barras de ducha ou baño, andadores etc.



Xoves, 7 de setembro de 2017

Núm. 172

**Sétima. Documentación, forma e prazo de solicitude**

As solicitudes se presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Baiona, de luns a venres ou nos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de presentar a solicitude nunha oficina de Correos farase nun sobre aberto para que sexa datada e sellada polo funcionario correspondente.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello para o tratamento automatizado de tódolos documentos contidos nela.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto das presentes bases que serán remitidas á dito diario oficial pola Base de Datos Nacional de Subvencións, previa presentación das bases da convocatoria no BOP de Pontevedra. O prazo finalizará, en todo caso, o día 30 de setembro.

As solicitudes presentadas fora do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados (ANEXO I). No devandito ANEXO I deberase indicar a cantidade solicitada. Este formulario, debidamente cuberto, deberá ser asinado por un membro responsable da unidade de convivencia. Ditos modelos se facilitarán no Concello de Baiona, no departamento de servizos sociais, ou na páxina web do Concello: [www.baiona.org](http://www.baiona.org). Ademais, se achegará a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIE do solicitante e do cónxuxe ou parella.
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia do título de familia numerosa, de selo caso.
- No caso de alegar, cargas familiares non compartidas, xustificante de pensión de alimentos efectivamente percibida, no caso de alegar impago da mesma, deberá presentarse xustificante da demanda xudicial correspondente.
- Fotocopia de discapacidade ou minusvalía / dependencia.
- Fotocopia dos xustificantes de ingresos da unidade familiar referidos ao 2016 (certificado do IRPF) e dos correspondentes aos sete primeiros meses do 2017 (nóminas dos sete últimos meses, certificados de pensións, certificados do SEPE (antigo INEM), etc.
- Tarxeta de demandante de emprego
- Vida laboral, actualizada dos maiores de 16 anos.
- Recibo de aluguer / hipoteca, e contrato.
- Declaración xurada da situación familiar, tanto económica como da necesidade.
- Declaración xurada de non percibir axuda polo mesmo concepto, ou no caso de percibila, achega da documentación xustificativa onde indique a contía percibida.
- Certificado de contas correntes co IBAN da entidade financeira.



Xoves, 7 de setembro de 2017

Núm. 172

- Extracto bancario dos movementos bancarios dos últimos 12 meses.
- Orzamento dos gastos para os que se solicite axuda: alimentos, uso da vivenda, débedas nos pagamentos de recibos, produtos de hixiene e limpeza, farmacia, desprazamentos, óptica, odontólogo, ortopedia, electrodomésticos básicos, etc.

A documentación que xa conste no departamento de servizos sociais, non deberán presentala.

Dende os Departamentos de Servizos Sociais e Intervención consultarase o Padrón municipal para comprobar a convivencia efectiva no mesmo dos membros da unidade familiar. Asemade realizaranse as xestións oportunas dende o Concello para comprobar que ningún convivinte figura no Catastro, ou no caso de que si figuren, a suma dos valores catastrais de tódolos convivintes, non sexa superior a 50.000 euros, tanto por bens inmoables urbanos ou rústicos.

#### **Oitava. Emenda de defectos**

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **Novena. Instrución e resolución**

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle as técnicas do departamento de servizos sociais do Concello, que realizarán de oficio as actuacións que estimen necesarias para a determinación, ou coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Así mesmo, deberán elaborar un informe e proposta de resolución explicando e motivando a aplicación dos criterios de valoración, ANEXO II, e dos criterios de concesión establecidos na base terceira, que se elevará á Alcaldía para a súa aprobación definitiva e que será notificada aos solicitantes.

Transcorridos tres meses a partir do día seguinte ao que remate o prazo de presentación da solicitude sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

#### **Décima. Pagamento e xustificación**

Unha vez notificadas as axudas polo Concello procederase ao seu pago anticipado do 50% da axuda concedida aboándose directamente aos beneficiarios, ao número de conta sinalado na súa solicitude.

Segundo a valoración profesional do persoal técnico dos servizos sociais, o pago da axuda se poderá facer directamente no número de conta da empresa/comercio onde se adquira o produto solicitado, mediante un pago delegado, no que constará o número de conta do establecemento.

Código seguro de verificación: 40IZPJG50CTQP4B8





Xoves, 7 de setembro de 2017

Núm. 172

Unha vez recibidos os fondos, os beneficiarios, nun prazo máximo de 15 días, presentarán no Rexistro de entrada do Concello, a documentación xustificativa: facturas orixinais ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da axuda concedida, documentos nos que se poña de relevo que os gastos que figuran nesa factura se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda.

Nas citadas facturas deberá figurar “pagado” e o selo do establecemento correspondente.

Non se admitirá tickets de supermercado, deberá presentarse obrigatoriamente factura do establecemento polo importe da compra, acompañada do ticket no que figure detallado o importe e conceptos da compra.

No caso de gastos de alimentación e/ou gastos de hixiene e limpeza non se admitirán facturas de importe inferior a 15€. Este mesmo criterio, se aplicará, preferentemente, nos casos de axudas para farmacia.

No caso de gastos de subministro de enerxía ou gas, a factura deberá vir a nome do beneficiario da axuda. Si se trata dun inmovible de aluguer e figura a nome do propietario da vivenda, deberá acompañarse do contrato de arrendamento. As devanditas facturas deberán vir acompañadas do xustificante de pagamento, xa sexa por transferencia bancaria, ingreso en conta ou xiro postal onde figure como pagador o beneficiario da axuda.

O pagamento de facturas por importe superior a 100 € debe realizarse, necesariamente, a través de transferencia bancaria, ou tarxeta bancaria, en cumprimento do sinalado nas Bases reguladoras das axudas de emerxencia social da Deputación de Pontevedra, publicadas no BOP do 06/07/2017. Non poderá admitirse que nunha factura de importe superior a 100 €, sexan fraccionados os pagos, co gallo de eludir este requisito.

Unha vez xustificada adecuadamente a axuda percibida (50% do total), procederase o ingreso do importe restante.

O prazo máximo para a xustificación das subvencións percibidas será o 15 de novembro de 2017.

### **Undécima. Reintegro das cantidades percibidas**

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas cando a xustificación da subvención non se axuste ó sinalado nas presentes bases, ou ben, non se teña presentado xustificación algunha, previo requirimento escrito por parte do departamento de Servizos Sociais, de conformidade co sinalado no artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o cal sinala que transcorrido o prazo establecido de xustificación sen tela presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá ó beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente ós efectos previstos neste capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado comportará a perda do dereito ó cobro total ou parcial

Código seguro de verificación: 40IZPJG50CTQF4B8



Xoves, 7 de setembro de 2017

Núm. 172

da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións de Galicia.

### **Duodécima. Vixencia**

Esta convocatoria terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

### **Décimo terceira**

Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria.

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases, polo establecido nas bases publicadas no BOP nº 129 do BOP do 6 de xullo do 2017, e polo sinalado na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

SERVIZOS SOCIAIS

## **ANEXO I SOLICITUDE DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA**



Código seguro de verificación: 40IZPJG50CTQP4B8



Xoves, 7 de setembro de 2017

Núm. 172

Servizos Sociais **SOLICITUDE DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA**  
**ANEXO I**

Enderezo familiar		TELÉFONO:			
<b>SOLICITANTE</b> Nome e apelidos			Sinalar cun X o que corresponda		
DNI	Data nacemento	Cargas familiares <sup>i</sup>		Situación laboral <sup>ii</sup>	
		C	N.C	A	D P
Vivenda propia pagada		Vivenda con hipoteca		Vivenda alugada	
Custo vivenda ao mes					

Relación co solicitante	UNIDADE CONVIVENCIA (maiores de idade)							
	Nome e apelidos	DNI	Discapacidade %	Data nacemento	Situación laboral			Ingresos ÚLTIMO ANO <sup>2</sup> Agosto 2016 - Agosto 2017
					A	D	P	
					A	D	P	
					A	D	P	
					A	D	P	
Ingresos totais								

UNIDADE CONVIVENCIA (menores de idade)							
Relación co solicitante.	Nome e apelidos	Data nacemento	Orfo absoluto		Acollido legalmente		Discapacidade %
			SI	NON	SI	NON	
	Centro escolar		Curso 2017/18				
			SI	NON	SI	NON	
	Centro escolar		Curso 2017/18				
			SI	NON	SI	NON	
	Centro escolar		Curso 2017/18				
			SI	NON	SI	NON	
	Centro escolar		Curso 2017/18				

(Esta solicitude consta de 2 páxinas) 1

Cargas familiares: C (Compartidas) NC (Non compartidas)

A (Activo) D (Desemprego) P (Pensionista)

Totalidade dos ingresos obtidos no último ano (dende agosto do 2016 a agosto do 2017)

\_\_\_\_\_

Código seguro de verificación: 40IZPJG50CTQP4B8



Xoves, 7 de setembro de 2017

Núm. 172

SOLICITA AXUDA PARA OS SEGUINTE CONCEPTOS	
CONCEPTO	CONTÍA
<b>PARA GASTOS CORRENTES</b>	
a)	Alimentación.
b)	Uso da vivenda: aluguer.
c)	Uso da vivenda: hipoteca.
d)	Pagamento de recibos: luz.
e)	Pagamento de recibos: gas.
f)	Pagamento de recibos: gasóleo.
g)	Pagamento de recibos: auga.
h)	Pagamento de produtos de hixiene.
i)	Pagamento de produtos de limpeza.
j)	Pagamento de produtos farmacéuticos.
k)	Especificar: _____
l)	Pagamento de desprazamentos.
m)	Especificar: _____
n)	Pagamento de lentes.
o)	Pagamento de audiófonos.
p)	Pagamento de gastos derivados de tratamentos de odontoloxía.
q)	Pagamento de axudas de apoio a infancia.
	Especificar: _____
<b>PARA GASTOS DE INVESTIMENTOS</b>	
a)	Adquisición de electrodomésticos básicos.
	Especificar: _____
b)	Uso da vivenda, para acondicionamento e habitabilidade da vivenda.
	Especificar: _____
c)	Pagamento de produtos de apoio.
	Especificar: _____

Declaro baixo xuramento que son certos tódolos datos que constan nesta solicitude.

Autorizo, ás técnicas do departamento de servizos sociais do concello de Baiona, á utilización destes datos con motivo e coa finalidade desta solicitude, así como á comprobación dos datos que figuran no expediente do departamento por anteriores xestións persoais ou familiares, conforme os artigos 5 e 6 da Lei orgánica, 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, así como, a requirirme a documentación que precise e a autorizar as visitas domiciliarias ou outras xestións se o consideraran preciso.

Baiona, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2017.

(Esta solicitude consta de 2 páxinas) 2

Código seguro de verificación: 40IZPJG50CTQP4B8

